

FALADOOIRO

ANO - I NÚMERO - 1



CRISTINA PARADA ROJAS

EDITORIAL

Aquí tedes o segundo número do noso periódico escolar. Nel invitámosvos a ve-los traballos feitos por tódolos rapaces da escola para aprender cousas sobre o mundo e tamén do noso pobo: Cela.

Este periódico é parte das actividades que no Colexio fixemos desde a saída do número anterior.

Polo Día das Letras Galegas pintamos tódolos muros do noso colexio, desde os máis pequenos ata os máis grandes, con murais nos que predominan os dibuxos referentes á paisaxe da nosa terra e ós traballos dos nosos homes. Pola tarde dese mesmo día fixemos xogos para celebra-lo Día das Letras Galegas.



Nas clases tamén se fixeron traballos comunicativos como, no Ciclo Medio, un mural sobre as plantas medicinais que hai na nosa localidade. Os de Ciclo Superior fixeron unha investigación sobre os seus barrios. Tódolos barrios de Cela están recollidos nun mural no colexio.

Tamén se fixo un traballo de investigación sobre as lendas e traballos de labranza da zona e sobre a vendimia e a fabricación do viño en Cela.

Tódolos rapaces do colexio queremos que o periódico siga adiante.

Ata o próximo número de FALADOIRO




mm mm mm mm mm mm mm m
mm mm m m mm m

La Primavera




Canção das tres colheres.


Zac, tac, tac
cuchara de pau,
cunca de madeira
e meu neno,
esta na cozinha.



Tin, tin, tin
cuchara de prata
cunca de pau
e meu neno
esta no regazo.



Ton, ton, ton
cuchara de ouro
cunca de cristal
e meu neno
e principe real.




Luis Dimentel 2º

Falade Galego

Crábase una vez un neno que falaba galego, xa que había nacido en Galicia. E quería convencer os seus amigos pra que falaran en galego. Un día díxolle: "Se falades en galego traballarei pra vos". Os nenos pensaron e dixeron que non.


O neno mirou a un vello que falaba en galego. O vello díxolle: "Queres falar en galego?" O neno díxolle: "Non porque xa sei falar o galego! Pero o vello díxolle que aprendese mais pra falar mellor.

O neno foi a decírlle a súa nai pra que



e aboí.

As nenas preguntáronlle o velle pra
que lles aprendese a falar galego.
As nenas aprenderon a falar o
galego e así a nosa lingua foi
coñecida e querida por toda a xente.



Podría ser o Galego
tercero de E. G. B


17

de Maio

Día

das Letras

Galegas

4^o

Os nomes que aparecen neste mapa son de mulleres e homes que foron festexados ata o ano pasado. Este ano festexamos a Luis Pimentel (1.990)

Sergio

MANZANILLA

É unha das plantas medicinais máis empregadas. Infusión con unha dose de unha culler de flores secas por litro de auga emprégase en caso de gripe, de trastornos intestinais, ou de diarreas.



Anafina B

Plantas

Medicinais ~ 4 ~

SABUGO

SAUCO

As flores, despois de secas, almacénanse en sobres ben cerrados, en lugar seco.

Tómase a infusión de flores secas para tratar os resfriados e lixeiros trastornos nerviosos!



Julia

Romero

A infusión de follas de romero calma os nervios, e provoca un efecto estimulante e mellora os procesos dixestivos.

Carmela

ROMERO



SABUGO

CERUDA


CELIDONIA

A medicina popular empréga unha unta a base de Ceruda para tratamento de esporlas e acemias. Pero atención!

"A Ceruda é venenosa".

Maite





Cousas de nenos

por Castelao

CASTELAO, nuestro Político, escritor, pintor y dibujante.

La mayor parte de sus dibujos lo están en las publicaciones periódicas en las que colabora.

Hoy recordamos esta parcela de dibujante y humorista, con esta pequeña muestra.

- Martín y Manolita de 5² A se encargaron de adaptar los dibujos a las necesidades del espacio.



- Eu hoxe non quería ir a escola porque... total para o que se aprende nun día..



- ¿Por qué non queres ir a escola rapaz?
- Porque... porque sempre me pregunta o que non sei.



O ESCOLANTE ANDALUZ.
-¿Cuánto ano tiene?
- Non temos ano ningún; temos unha ovella.

OS REFRÁNS

A orixe do refrán pérdese nos tempos. Quizais faceram coa lingua e representen a máis antiga e sinxela versificación popular. Case sempre recollen unha experiencia que pode ser acertada ou non.

Aquí temos algúns refráns referidos ás meses do ano.



— En Xaneiro o porco é fuxeiro.



— Ahí ven Febreiro cos seus vinteito días, se dura máis catro non queda nin can nin gato.



— Marzo, marzán, pola mañá caraña de rosa e pola tarde cara de can.



— As mamandañas de Abril son moi doces no dormir.



- A auga de Maio non fai dano.



- En San Xosé as nove con día dan.



- Xullo aridade, millo arrendado.



- Se queres tallar bo entrecosto, empeza a cemar en Agosto.



- Setembro ou seca as fontes ou leva as fontes.



- Outubro quente, trae o demo no ventre.



- Despois de San Martiño deixa a auga e bebe viño.





- Se Nadal nada, sinal de boa anada.

A CASA GRANDE DAS CASTIÑÁNS

A Casa Grande esta situada no barrio de Castiñans:

Vivía nesta un terratenente ó que os campesiños tiñan que traballar as súas terras, e inda por riba, estes, tiñanlle que pagar os foros por traballa-las, (pagábanas con millo). Ademais tamén lle tiñan que pagar a contribución.


A "Casa Grande" ten tamén unha capela e un escudo nobiliario. A capela data do ano 1732. É pequena de estilo ~~románico~~, e nela encóntranse a Virxen Nieves e San Antón. Fora diante da carre-



tera, tamén hai outra santa; A Virxen do Portal (Virxen dos remedios).

O domingo de Pascua, celébrase na capela unha misa pública. Acabada esta, lévase en procesión a Virxen do Portal e a San Antón ata o cruceiro do Carballedo (esta cruceiro, bastante antigo, tivo que ser trasladado e restaurado unha vez). Despois de dicir o cura unhas palabras voltase a capela, dando comenzo así a festa do Torrón.


O único dato que podemos facilitar lle sobre o escudo nobiliario e que



nestas casas de escudo, cando os xovenes non querían ir a mili, escondíanse neles, e a garda civil non podía entrar a buscalos.

Tamén sabemos que o escudo inferior, máis pequeno, que es tá sobre a porta según (a nosa investigación pertencía a Santa Inquisición, que dende os tempos dos Católicos vela ba pola pureza da fe católica, perseguindo ós herexes.

Este traballo foi feito po los alumnos do C.P. "Torre-Bueu" que viven no barrio das Castiñas



ENTREVISTA a D^a CONSUELO GARCIA CENDÓN

PRESIDENTA A.P.A. DO C.P. TORRE-CELA

Hola, xa estamos coa nosa segunda entrevista a unha das persoas importantes para o mellor e máis eficaz funcionamento da escola, a persoa entrevistada neste número é a presidenta do A.P.A. (Asociación de pais de alumnos), Consuelo García Cendón.

-¿Quén forma o A.P.A.?

-O A.P.A. está formado por tódolos pais de alumnos que deseen pertencer, xa que isto é totalmente voluntario. A directiva está formada por: Catalina Vilas, tesoreira, Isabel Nogueira, secretaria, Ana Gudiña, vocal, Manolo Iglesias tamén vocale eu presidenta.

-¿Por qué é vosteda a presidenta?

-Pola votación que se levou acabo nunha assemblea de pais que se celebrou hai un par de anos máis ou menos, na que tivemos que eleixir a un dos tres candidatos que nos presentamos a este cargo, e eu saín presidenta eleixida.


-¿Quén foron eses candidatos?

-Catalina Vilas, Isabel noqueiras e eu.

-¿Qué funcións ten vostede como presidenta?

-Coordinar ós demais membros da directiva para traballar todos xuntos e convocar as reunións tanto directivas, como as dos pais ou reunións ordinarias cada trimestre ou extraordinarias se suxe algún problema urxente que solucionar.

-¿Con qué fin se fixo o A.P.A.?



-Pra que os pais todos xuntos teñamos máis forza para resolver situacións problemáticas que se presentan no colexio en canto ós alumnos, para pedir tamén ás autoridades que inflúen no colexio as melloras que non parecen ben a todos en unióncoas ideas que aportan os profesores.

-¿Qué proxectos ten para o futuro?.

-Temos pedido ó axuntamento ó señor alcalde moitas cousas, que están alí escritas en espera de que sean concedidas, como poden ser; comprar terreos colindantes ó colexio para ampliar os terreos de deporte e de recreo, donde os rapaces poidan xogar na hora de ximnasia sen interrompir as clases dende onde os miran desde as ventás, libros para a biblioteca, porterías e material deportiva fontes para o patio, o arreglo do ximnasio etc. En Ponte-

vedra co delegado de educación, nunha visita que lle fixemos, pedimoslle que fagan un piso enriba da aula de preescolar para poder ampliar o colexio que xa se fai pequeno, e alí facer un laboratorio, unha biblioteca, un salón de actos etc.

COLEGIO COMARCAL MIXTO-TORRE
Asociación Padres Alumnos
TORRE-CELA (Bueu)

-¿Para qué se reúnen cos pais de alumnos?.

-Para tratar problemas que surxen, para dar información das contas e das peticións que se van facendo ó axuntamento, e delegación, así como escoitar as queixas que teñen eles do colexio e da directiva do A.P.A.

-¿Acuden tódolos pais ás reunións?.

-Non, van menos da metade dos pais.

-¿Por qué cree que moita xente non acude?.

-Algunhas porque non queren pertencer a éstas, outras danlle máis importancia a outros traballos que ir a escoitar os problemas do colexio.

-¿Organizan cursos dalgunha clase?.

-Temos actividades extraescolares de costura, gaita, baile folclórico e unha excursión á granxa de Montero Rios

para informar ós rapaces maiores dos estudos que se poden seguir alí, de capataces, e temas agrícolas e forestais, así como tamén intentamos poñer clases de solfeo, pero non conseguimos un número suficiente de nenos que quixeran participar.

-¿Cómo vai o proxecto da excursión de fin de curso?

-Vai ben, xa está organizada:

Os pequenos de preescolar, primeiro, segundo e terceiro irán ás "dunas de Corrubedo".

Os medianos de cuarto, quinto e sexto irán ó "planetario", A "Torre de Hércules" e o "castelo de san Antón" todo isto na Coruña.

Os maiores de sétimo e octavo irán a Lugo, a contemplar a muralla.

Noso a radecemento a Sr^a. Presidenta da A.P.A. do Colexio Público de Torre-Cela por haber accedido a esta entrevista.

Esta entrevista foi feita por :

Ana Nogueira	8º
Olalla Barcala	7º B
María Pastoriza	7º B

101 FURRABOLOS di.....

Xa o dixo miña aboa
cando acababa de nacer,
de non teren terreos,
¿qué colexio van facer?



Temos neste colexio
unhas boas calefaccións,
que començando a betar auga
inundanos ata os...




Xa temos depuradora
para a auga depurar,
inda que para tela
algún case ten que patear.




Ó señor director
pedímoslle por favor
que pida unhas potencias novas
para xogar menos peche.



Os autobuses que nos mandan
deben ter 2000 cabalos,
cando suben pola torre
saímos todos a empuxalos



Lanzamos xa un periódico
con moito furor
pero eu dígoche amigo,
oico que este é mellor.



PASATEMPOS

Busca 15 nomes de animais





Xerógalia

¿ALGO MÁS?



Por o número correspondente a cada peça



Calcula o número que falta:

$$7 + 2 + \square = 10$$

$$6 + \square = 11$$

$$7 - 5 + \square = 8$$

$$7 - 4 - \square = 2$$

$$6 - 4 - \square = 0$$

$$4 \times 2 =$$

$$10 \div 2 = 5$$